



Migramar Proemprego

Movimiento pola Paz -MPDL- Galicia

CONTACTO

☎ 881 246 602 ✉ galicia@mpdl.org

✉ migramarproemprego@mpdl.org

📍 Rúa Londres, 11, Baixo. Santiago de Compostela

🏠 www.mpd.org

📘 mpdgalicia 📷 mueveteporlapaz



Con la colaboración de





O proxecto **Migramar Proemprego** é unha iniciativa piloto do MPDL Galicia en colaboración con Fundación “la Caixa” destinada a facilitar a **regularización administrativa e a inserción laboral** no sector da pesca de **15 persoas migrantes de orixe subsahariano** menores de 30 anos.

Migramar Proemprego ofrece **oportunidades** de integración para **persoas migrantes**, creando sinerxías que potencien os recursos das entidades locais participantes. Impleméntase nun entorno limitado xeograficamente para avaliar a súa efectividade e viabilidade, co obxectivo de poder analizar os resultados e expandilo a outras zonas no futuro. Buscamos mellorar a empregabilidade, a integración social e as condicións de vida das persoas participantes, promovendo a súa inclusión plena na sociedade galega. Para iso, poñeremos en valor a experiencia previa en pesca que posúen moitos destes migrantes respondendo, ao mesmo tempo, á necesidade de relevo xeracional no sector marítimo-pesqueiro galego.

OBXECTIVO XERAL

Mellora das condicións de vida das persoas migrantes subsaharianas e magrebís da área de Noia – Barbanza mediante a súa inserción laboral regularizada no sector marítimo pesqueiro.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Mellora das competencias idiomáticas e dixitais.
- Certificar as competencias profesionais das persoas participantes para aumentar a súa empregabilidade.
- Realizar asesoría e acompañamento xurídico individualizado para a regularización administrativa.
- Facilitar a intermediación laboral entre as persoas beneficiarias e as empresas pesqueiras locais.

ENTIDADES PARTICIPANTES

- Equipo de Inclusión da área de Noia-Barbanza
- Concello de Boiro
- Concello de Ribeira
- Concello de Porto do Son
- Confraría de Pescadores de Porto do Son e de Ribeira
- Entidades sociais da zona

COMO TRABALLAMOS

A experiencia permítenos constatar que a formación en habilidades e competencias xerais e a adaptación ás necesidades do mercado de traballo, así como a **formación específica nas áreas laborais máis demandadas**, son a mellor estratexia para conseguir emprego. É especialmente relevante a intervención desde a **transculturalidade**, que afrontamos como un elemento clave no desenvolvemento dos itinerarios de inserción laboral e que en Migramar Proemprego se presenta como un factor de enriquecemento mutuo.



MOVEMENTO POLA PAZ

Somos unha **ONG independente e laica**, nacida en 1983, dedicada a promover os valores de xustiza social, igualdade e cultura de paz no eido social. Contamos con **14 delegacións en España e actuamos en 11 países e territorios** no ámbito internacional.

Na delegación de **Movemento pola Paz de Galicia** traballamos en varias liñas: unhas de Acción Social enfocadas a traballar con poboación vulnerable, migración, refuxio e xénero, e outra de Cooperación Internacional.